

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2022

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de setembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse non outorgar licenza urbanística solicitada para as seguintes actuacións:

- Modificación de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Pena, parroquia de Calde (exp. 2021/Y001/000236).
- Execución de muro de contención na rúa Campos Novos, número 56 (exp. 2022/Y001/000004).

Así mesmo, acordouse outorgar licenza urbanística para as seguintes obras:

- Construción dun edificio na rúa Otero Pedrayo e rúa de nova apertura (exp. 184/2019).
- Construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Río Louzaneta esquina rúa Couto Pequeno (Louzaneta) (exp. 2021/Y001/000082).

Tamén se acordou desestimar o recurso potestativo de reposición presentado contra a resolución adoptada na Xunta de Goberno Local do 3 de agosto de 2022, en relación co procedemento 2022/Y001/000079, para construír unha residencia para persoas maiores, na avenida Afonso X O Sabio (exp. 2022/P014/000085).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6390622992552273816.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-9-2022

2.- CONTRATACIÓN.- Adoptáronse os seguintes acordos:

- Desestimar o recurso de reposición presentado contra a decisión da Mesa de Contratación, do 25-8-2022, na contratación da subministración e instalación de mobiliario destinado ao edificio de benestar social Aquilino Iglesia Alvariño enmarcado na estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (EDUSI) "Muramiñae: de la Muralla al Miño", cofinanciado nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España FEDER 2014-2020. Exp. Ref. 2022-C004-000019.

- Adxudicar a contratación da subministración dun vehículo (furgoneta eléctrica de nova fabricación con cero emisións) para a Brigada de Augas financiada pola Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Next Generation EU) dentro do programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III). Exp. ref. 2022/C004/000005.

- Prorrogar o contrato, dende o 16-11-2022 ata o 15-11-2023, suscrito para realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do concello de Lugo. Exp. Ref. 2021-C003-000032.

- Aprobar a segunda prórroga, dende 19/9/2022 ata o 18/9/2023, do contrato suscrito para o servizo de mantemento e conservación de vías urbanas. Exp. 2020/C003/000010.

- Adxudicar a contratación da prestación de servizos de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitios na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo, e dirixido ás veciñas e veciños das zoas rurais do municipio. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Exp. Ref. 2022/C003/000014.

- Adxudicar a contratación da subministración e execución dos xardíns verticais do edificio impulso verde, correspondente á acción C9 "Agricultura urbana de solo e altura" do proxecto Life14 CCA/ES/000489 Lugo+biodinámico. "Planificación dun barrio multiecolóxico como modelo de resiliencia urbana", cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro Life 2014-2020. Exp. Ref. 2022/C004/000012.

- Aprobar a segunda prórroga, dende o 19-08-2022 ata o 18-08-2023, da

contratación do servizo de mantemento técnico e dos contidos do portal municipal do Concello de Lugo. (Exp. Ref. 2019-004) (Tecol 2020/c003/000058).

- Aprobar a contratación -mediante seis lotes- de campañas de publicidade institucional nos distintos medios de comunicación: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022/C003/000021.

- Adxudicar a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na rúa A do parque empresarial As Gándaras" (Lugo). Exp. Ref. 2022-c002-000016.

3.- PERSOAL.- Acordouse modificar o acordo 8/501 da Xunta De Goberno Local do Concello de Lugo do 24-8-2022 de nomeamento de funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de Arquitecto/a Técnico/a (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: media.

Así mesmo, acordouse adquirir o compromiso de incorporación de 1 praza de Celador/a CEIP na oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2022.

Fóra da orde do día adoptouse o seguinte acordo:

- Implantación da redución temporal de prezos do transporte urbano conforme a Orde ministerial pola que se dá cumprimento ao capítulo II do Real decreto lei 11/2022, do 25 de xuño: axudas ao transporte colectivo urbano.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.